



Dirección Xeral de Formación Profesional

Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de Formación Profesional Convocatoria 2024

Información xeral

Índice

1	Introdución.....	3
2	Inscrición na proba de acceso a grao medio.....	4
2.1	Presentación da solicitude.....	4
2.1.1	Confección da solicitude.....	4
2.1.2	Centro de inscrición.....	7
2.1.3	Prazo de presentación de solicitudes.....	7
3	Estrutura e organización da proba.....	8
4	Exencións.....	8
4.1	Exención total.....	8
4.2	Exencións parciais.....	9
5	Celebración da proba de acceso a grao medio.....	10
5.1	Data e hora.....	10
5.2	Lugar.....	10
5.3	Documentación que cómpre levar e material para utilizar.....	10
6	Publicación das listaxes provisionais e definitivas. Reclamacións.....	11
7	Código persoal de consulta (CPC).....	12
7.1	Obtención do código persoal de consulta (CPC).....	12
7.2	Consulta de solicitudes.....	13
8	Certificado de realización da proba.....	14
8.1	Lugar de solicitude.....	14
8.2	Conservación da cualificación obtida nas partes superadas.....	14
8.3	Vixencia das certificacións de superación das probas que permitían o acceso a ciclos LOXSE de grao medio.....	14
9	Resolución administrativa.....	15
9.1	Lugar e prazos de presentación de solicitudes.....	15
10	Preguntas frecuentes.....	16
10.1	Inscrición.....	16
10.2	Exencións.....	17
10.3	Cualificacións.....	18
10.4	Certificados.....	19

1 Introducción

Toda a información e a documentación referente ás probas de acceso aos ciclos formativos poderá consultarse dentro da pestana "Probas" do menú da páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.

Os centros educativos públicos que impartan formación profesional ofrecerán ás persoas interesadas información e orientación sobre estas ensinanzas, así como sobre o procedemento de inscrición e o desenvolvemento das probas de acceso.

Para información adicional estarán dispoñibles os servizos da Unidade de Atención a Centros, no teléfono 881 997 701, no enderezo electrónico uac@edu.xunta.gal e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/portal/uac>.

2 Inscripción na proba de acceso a grao medio

2.1 Presentación da solicitude

2.1.1 Confección da solicitude


- As solicitudes deberán realizarse telematicamente empregando o asistente informático dispoñible na aplicación Ciclosprobas. O asistente facilita o proceso de crear unha solicitude de inscrición nas probas de acceso de grao medio. A aplicación xera unha instancia para imprimir que se deberá presentar nun centro de inscrición xunto coa documentación que se indique na propia instancia. En tanto que non se efectúe este trámite, non quedará feita a matrícula.
- As solicitudes presentadas por usuarios maiores de idade dos cales se dispoña de todos os seus datos e que empreguen algún sistema de autenticación serán validadas automaticamente, polo tanto non será necesario presentalas en ningún centro de inscrición.
- Para acceder ao asistente da aplicación:
 - Será posible ir directamente escribindo o seguinte enderezo do seu navegador de Internet: <https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/Paxinalnicio.do>
 - Tamén é posible ir a Ciclosprobas premendo no texto **“Ligazón á aplicación informática”** dispoñible na páxina “Convocatoria 2024” dentro de “Acceso a grao medio” desde o menú da páxina www.edu.xunta.gal/fp/probas

Solicitud de inscripción telemática

Na seguinte ligazón pódese acceder á aplicación informática na que se dispón dun asistente para cubrir a solicitude de inscrición a ciclos formativos de grao medio. O sistema xera unha instancia para imprimir que terá que ser entregada nun centro de inscrición, acompañada da documentación que se indica na propia instancia. O centro procederá a validación dunha copia e entregará outra para a persoa solicitante a efectos de resguardo. En tanto que non se efectúe este trámite non quedará feita a matrícula.

[- Ligazón á aplicación informática](#)

- Para crear unha solicitude de probas de acceso a grao medio a través da aplicación informática Ciclosprobas dispón de dúas opcións para identificarse:
 - **“Acceso con identificación”** empregarán esta opción os usuarios que dispoñan dalgún dos seguintes sistemas de autenticación:
 - Usuarios de educación con conta edu.xunta.gal.
 - Chave365.
 - Usuarios con conta xunta.gal.
 - DNI electrónico.
 - Certificado dixital.



Cando se escolla esta opción deberá seleccionar o sistema de identificación que corresponda tal como indican as seguintes imaxes:



Identifíquese

Usuario de educación

Conta de usuario (sen @edu.xunta.gal)

Contrasinal

Entrar

Identifíquese

Chave365

NIF

Contrasinal

Entrar

Identifíquese

Usuario Xunta

Conta de Directorio Activo Amtega (sen @xunta.gal)


Contrasinal

Entrar

Ou entre con certificado dixital

Entrar

- Se non dispón de ningún sistema de autenticación de usuario debe utilizar a opción **"Outros accesos"** a través da cal se lle solicitará que introduza o seu DNI/NIE (todo xunto e coa letra en maiúscula) e un enderezo electrónico. No caso de que o seu correo estea dado de alta na base de datos, pero non coincidise o enderezo electrónico co xa rexistrado aparecerá un aviso na parte superior da pantalla. Poderá continuar coa solicitude pulsando no enlace.



CiclosProbas

Inicio

Inicio

Benvidos a Ciclosprobas

Ciclosprobas é unha aplicación desenvolvida pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para xestionar a inscrición ás probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional específica.

Dispón das seguintes opcións para crear unha solicitude para probas de acceso tanto para grao superior como para grao medio a través da aplicación:

- Acceso con identificación: esta opción poderá empregarse cando a persoa solicitante dispoña de conta edu.xunta.gal, Chave365, conta xunta.gal, DNI electrónico ou certificado dixital.
- **Outros accesos**: esta opción deberá empregarse cando a persoa solicitante non dispoña dos sistemas de autenticación indicados na opción anterior. Neste caso debe introducir o seu DNI/NIE (todo xunto coa letra en maiúscula) e un enderezo electrónico.

As ligazóns estarán activas durante os períodos establecidos para o proceso de presentación de solicitudes ás probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e grao superior.

[Consultar solicitudes do ano actual](#)

[Ver código persoal de consulta](#)

[Outros accesos](#)

[Acceso con identificación](#)

[Reimpresión dunha solicitude feita anteriormente](#)

2.1.2 Centro de inscrición

Considérase centro de inscrición calquera centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades con oferta de formación profesional.

Recoméndase usar como centro de inscrición o máis próximo ao domicilio habitual, posto que calquera outro trámite posterior á inscrición (por exemplo, consulta de listaxes de proba adaptada, presentación de reclamacións, etc.) deberá realizarse exclusivamente no centro de inscrición elixido. Ademais, a sede de exame que se lle asigne será un centro próximo ao devandito centro de inscrición.

2.1.3 Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes é do 26 de febreiro ao 8 de marzo de 2024, ámbolos dous incluídos.

3 Estrutura e organización da proba

A proba de acceso a grao medio organízase consonte o seguinte:

Grao medio	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Parte sociolingüística 	Inclúe tres probas: <ul style="list-style-type: none"> – Lingua galega. – Lingua castelá. – Ciencias sociais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Parte matemática 	Consta dunha única proba: <ul style="list-style-type: none"> – Matemáticas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Parte científico-técnica 	Inclúe dúas probas: <ul style="list-style-type: none"> – Ciencias da natureza. – Tecnoloxía.

4 Exencións

4.1 Exención total

Poderán quedar exentas da totalidade da proba de acceso a grao medio as persoas que acrediten calquera das seguintes circunstancias:

Exención total
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional, de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.

Estas persoas han poder participar no proceso de admisión a ciclos formativos de grao medio presentando directamente o certificado acreditativo na secretaría do centro correspondente, nas condicións que se indiquen na normativa do proceso de admisión.

4.2 Exencións parciais

A solicitude de exención parcial da proba deberase formular no momento da inscrición. A persoa solicitante non poderá examinarse da parte ou das partes da proba para as que se lle conceda a exención nesta convocatoria.

Ademais das circunstancias especiais incluídas na seguinte táboa, poderase solicitar a exención dunha parte da proba no caso de que xa fose recoñecida a devandita exención nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia.

Exención parcial		
<ul style="list-style-type: none"> Segundo curso dun ciclo de formación profesional básica (FPB). 	<ul style="list-style-type: none"> Superación dos módulos profesionais de Comunicación e sociedade I e II. 	<ul style="list-style-type: none"> Exención da parte sociolingüística
<ul style="list-style-type: none"> Segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI). Nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (ESA) 	<ul style="list-style-type: none"> Superación do ámbito de comunicación. Superación do ámbito social. <p>(cómpre acreditar a superación de ambos os ámbitos: non abonda a superación dun só).</p>	
<ul style="list-style-type: none"> Segundo curso dun ciclo de formación profesional básica (FPB). 	<ul style="list-style-type: none"> Superación dos módulos profesionais de Ciencias aplicadas I e II. 	
<ul style="list-style-type: none"> Segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI). Nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (ESA). 	<ul style="list-style-type: none"> Superación do ámbito científico-tecnolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> Exención da parte matemática Exención da parte científico-técnica
<ul style="list-style-type: none"> Superación dos módulos profesionais dun título de formación profesional básica (FPB) agás o módulo de formación en centros de traballo -FCT- e os módulos asociados aos bloques comúns. 		<ul style="list-style-type: none"> Exención da parte científico-técnica
<ul style="list-style-type: none"> Superación dos módulos específicos profesionais (con ou sen ter realizado o módulo de FCT) dun PCPI. 		
<ul style="list-style-type: none"> Dispor dun certificado de profesionalidade de calquera nivel, consonte o Real Decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade. 		
<ul style="list-style-type: none"> Ter como mínimo, un ano de experiencia laboral en xornada completa, con independencia do campo profesional en que se traballase. As persoas interesadas deberán cumprir este requisito con anterioridade ao remate do período de inscrición. 		

5 Celebración da proba de acceso a grao medio

5.1 Data e hora

A proba realizarase o 23 de maio de 2024, no seguinte horario:

- Presentación: ás 9:00 horas.
- Partes matemática e sociolingüística da proba:
 - Das 09:30 ás 13:30 horas (Matemáticas, Lingua galega, Lingua castelá e Ciencias sociais).
- Parte científico-técnica da proba:
 - Das 16:00 horas ás 18:00 horas (Ciencias da natureza e Tecnoloxía).

5.2 Lugar

O día 19 de abril farase público o lugar ou os lugares onde se realizarán as probas. Esta listaxe publicarase nos centros de inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>.

A sede de realización da proba determínase en función do centro de inscrición empregado e, en principio, tratarase dalgún centro público próximo a este. Daquela, recoméndase usar como centro de inscrición un próximo ao domicilio habitual.

5.3 Documentación que cómpre levar e material para utilizar

O día da proba cómpre levar o documento oficial de identidade e a copia selada da folla da solicitude de inscrición.

Poderanse utilizar os seguintes materiais:

- Bolígrafos de tinta negra ou azul (ningunha outra cor).
- Calculadora científica, agás que sexa programable, gráfica ou con capacidade para almacenar e transmitir datos. Soamente se pode empregar na proba de Tecnoloxía da parte científico-técnica. Na proba de Matemáticas **NON se permite** o emprego da calculadora.

Non se admitirá ningún aparello capaz de recibir, transmitir nin almacenar información, como, por exemplo, teléfonos móbiles.

O tribunal dará as instrucións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas. Non seguirlas será causa de exclusión.

6 Publicación das listaxes provisionais e definitivas. Reclamacións

As listas provisionais e definitivas relacionadas co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do centro público onde se fixera a inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/fp>. **Os datos de identificación (nome, apelidos e DOI) serán substituídos por un código persoal de consulta (CPC).**

Contra as listaxes provisionais de solicitudes, de exencións, de proba adaptada e de cualificacións, as persoas interesadas poderán presentar reclamación no centro de inscrición.

Durante o período de reclamacións (do 18 ao 22 de marzo ámbolos dous incluídos) contra as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas, poderase achegar a documentación pendente de entrega do solicitado na folla de inscrición.

As listaxes relacionadas coas probas adaptadas deberán consultarse na secretaría do centro de inscrición, porque non se publicarán en ningún outro sitio.

7 Código persoal de consulta (CPC)


En todas as listaxes que sexa necesario publicar que conteñan datos persoais dentro do proceso de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio, será substituído o número do documento oficial de identidade e o nome e apelidos por un **código persoal de consulta (CPC)**. Deste xeito as listaxes darán toda a información necesaria para o seguimento público do proceso de probas de acceso, pero garantindo a confidencialidade dos datos persoais.

O CPC é un código alfanumérico único para cada persoa que participa no proceso de probas de acceso de grao medio de formación profesional. Para consultar a situación persoal poderase obter o CPC da aplicación informática Ciclosprobas.

7.1 Obtención do código persoal de consulta (CPC)

Para obter o CPC debe ir a aplicación Ciclosprobas no seguinte enderezo (<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/PaxinalInicio.do>).

- Primeiro hai que escoller a opción "Ver código persoal de consulta":



- Na pantalla que aparece a continuación haberá que escribir o número do documento oficial de identificación (DNI, NIE ou pasaporte, sempre coas letras en maiúscula) empregado no proceso de inscrición nas probas de acceso a grao medio e o código de solicitude (código alfanumérico que aparece na marxe dereita do encabezado do impreso de solicitude, debaixo do código de barras) e premer en "Buscar":

Cubrir os campos	Resultados da busca
<p>Consulta código persoal</p> <p>Filtros</p> <p>DOI/DNI*</p> <p>Código de Solicitude*</p> <p>Buscar</p>	<p>Código persoal de consulta</p> <p>Datos persoais</p> <p>Doi</p> <p>DNI da persoa solicitante</p> <p>Nome</p> <p>Nome da persoa solicitante</p> <p>Código</p> <p>103ESH0E4F</p> <p>Código persoal de consulta (CPC)</p>

The image also includes a sample document header with a barcode and the following text: "ANEXO I de Galicia con oferta de FP. DE GRAO MEDIO DE ED312C SOLICITUDE". A red arrow points from the "Código de Solicitude*" field in the search form to the "Código Solicitude" field in the document header.

7.2 Consulta de solicitudes

Para consultar o estado da solicitude presentada na convocatoria 2024 de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio a través da aplicación Ciclosprobas dispón de dúas opcións:

- Todas as persoas solicitantes (con ou sen usuario) deberán escoller a opción "Consultar solicitudes do ano actual" a través da cal se lle solicitará o número de documento de identificación (DNI, NIE ou pasaporte, sempre coas letras en maiúscula) empregado no proceso de inscrición das probas de acceso a grao medio e o código de solicitude (código alfanumérico que aparece na marxe dereita do impreso de solicitude, debaixo do código de barras) e premer en "Buscar":

- Aqueles usuarios que dispoñan dun sistema de autenticación (conta edu.xunta.gal, Chave 365, conta xunta.gal, DNI electrónico ou certificado dixital) poderán realizar a consulta do estado da solicitude presentada. Deberán entrar na aplicación co seu usuario e ir ao apartado **2. Solicitantes 2.1. Solicitudes**.

- En tódolos casos aparecerá unha pantalla coa seguinte información:

8 Certificado de realización da proba

Na certificación constará a nota final lograda e a cualificación obtida en cada unha das partes que a compoñen.

A certificación da superación da proba dará acceso a calquera ciclo formativo de grao medio, nas condicións de admisión que se establezan.

8.1 Lugar de solicitude

Os certificados de probas de acceso, tanto da convocatoria deste ano como de convocatorias anteriores (desde o ano 2004), poderán solicitarse en calquera centro público con oferta de formación profesional.

Os certificados das probas anteriores a 2004 deberán solicitarse no centro educativo no que se realizara a proba.

8.2 Conservación da cualificación obtida nas partes superadas

Para quen realizara a proba na comunidade autónoma de Galicia e non a superara na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco durante un máximo de dous anos nas probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia.

8.3 Vixencia das certificacións de superación das probas que permitían o acceso a ciclos LOXSE de grao medio

A certificación de ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio consonte o establecido na Orde do 1 de abril de 2002 e na Orde do 2 de decembro de 2008 polas que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica terán os mesmos efectos que a certificación da superación da totalidade da proba de acceso obtida na presente convocatoria.

9 Resolución administrativa

As persoas que nas convocatorias de 2022, 2023 e 2024 superaran parcialmente unha proba de acceso a ciclos formativos na comunidade autónoma de Galicia e estean en condicións, logo de finalizado o proceso, de acreditar nas partes non superadas algunha das causas de exención parcial recollidas no punto 4.2 deste documento poderán solicitar a certificación de superación da proba por resolución administrativa.

9.1 Lugar e prazos de presentación de solicitudes

Poderanse presentar en calquera dos centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades onde se impartan ciclos formativos de formación profesional.

O prazo para solicitar a superación da proba por resolución administrativa é do 24 de xuño ata ao 30 de setembro de 2024.

10 Preguntas frecuentes

10.1 Inscripción

As persoas que teñan superada unha proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos poden inscribirse na proba de acceso?

Si, poderán realizar a proba de acceso completa coa finalidade de poderen obter unha nota de acceso a ciclos superior a 5,00.

Tamén poderán participar directamente no proceso de admisión a ciclos formativos, presentando o certificado acreditativo de ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, na secretaría do centro correspondente, nos prazos establecidos para a admisión. Neste caso, para os efectos de baremo no proceso de admisión a ciclos formativos, a cualificación será de 5,00.

As persoas que teñan superada a proba de acceso para maiores de 45 anos teñen acceso a ciclos formativos?

Non; deberán presentarse á proba de acceso a ciclos formativos.

Se son aspirante estranxeiro/a, que documento de identidade debo usar?

O documento correcto é a tarxeta do NIE (número de identificación de estranxeiros). Na súa ausencia, excepcionalmente, pódese usar o pasaporte ou, no caso de cidadáns ou cidadás da Unión Europea, o documento oficial de identidade do seu país.

Que fago se non podo presentar a solicitude por min mesmo/a? (actuación a través de representante)

Se vai presentar a solicitude a través de representante, cómpre acreditar a representación por calquera medio válido en Dereito.

En particular, sería válida unha autorización asinada pola persoa solicitante a favor da persoa representante.

Para redactar esta autorización, recoméndase:

- Identificar claramente a persoa solicitante con nome e apelidos e número de documento de identificación.
- Incluír, dentro do propio documento de autorización, imaxe do DNI da persoa solicitante.
- Indicar que autoriza a esa persoa (identificada con nome, apelidos e DNI) para representalo/a para os efectos de tramitar a súa solicitude de inscrición na proba de acceso a ciclos formativos.
- Imprimir a autorización.
- Que a persoa solicitante asine a autorización e lla entregue á persoa representante para que a achegue coa solicitude. Non se admitirá unha autorización escanada, senón que cómpre achegar autorización con sinatura orixinal.

Logo de confeccionada a representación, a solicitude que se leva ao centro de inscrición debe ir asinada xa pola persoa representante, non pola persoa solicitante.

Non esqueza conservar unha copia da solicitude validada polo centro de inscrición porque a ten que levar o día de celebración da proba xunto co seu documento de identidade.

10.2 Exencións

É posible solicitar a exención en lingua galega ou noutras materias superadas na ESO?

Non, só é posible solicitar a exención dalgunha das partes da proba (parte sociolingüística, parte matemática e parte científico-técnica), pero non dunha materia en concreto.

Que son os módulos obrigatorios dun PCPI?

Con anterioridade ao curso escolar 2011-2012, os módulos obrigatorios dun PCPI correspondían ao primeiro curso de PCPI e incluían a formación en centros de traballo.

Desde o curso 2011-2012, os módulos obrigatorios dun PCPI eran os módulos específicos profesionais e os módulos formativos de carácter xeral que se cursan no primeiro e no segundo curso dun PCPI.

Que documentación cómpre presentar no caso de persoas traballadoras por conta allea que soliciten a exención da parte científico-técnica por experiencia laboral?

Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou o equivalente da mutualidade laboral que corresponda, onde conste a empresa e o período de contratación.

Que documentación cómpre presentar no caso de persoas traballadoras por conta propia que soliciten a exención da parte científico-técnica experiencia laboral?

Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social do período de cotización no réxime especial de persoas traballadoras autónomas ou o equivalente da mutualidade laboral en que se estivese afiliado/a.

Que exencións se poden solicitar segundo os ámbitos da ESA e PCPI ou módulos de FP que se teñan superados?

Táboa resumo sobre FPB, PCPI e ESA		
<ul style="list-style-type: none"> Segundo curso dun ciclo de formación profesional básica (FPB) 	<ul style="list-style-type: none"> Superación dos módulos profesionais de Comunicación e sociedade I e II. 	<ul style="list-style-type: none"> Exención da parte sociolingüística
	<ul style="list-style-type: none"> Superación dos módulos profesionais dun título de FPB agás FCT e módulos asociados a bloques comúns. 	<ul style="list-style-type: none"> Exención da parte matemática Exención da parte científico-técnica
	<ul style="list-style-type: none"> Superación dos módulos profesionais dun título de FPB agás FCT e módulos asociados a bloques comúns. 	<ul style="list-style-type: none"> Exención da parte científico-técnica
<ul style="list-style-type: none"> Segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI) 	<ul style="list-style-type: none"> Superación do ámbito de comunicación. Superación do ámbito social. (cómpre acreditar a superación do dous ámbitos; non abonda a superación dun só)	<ul style="list-style-type: none"> Exención da parte sociolingüística
	<ul style="list-style-type: none"> Superación do ámbito científico-tecnolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> Exención da parte matemática Exención da parte científico-técnica
	<ul style="list-style-type: none"> Superación dos módulos específicos profesionais (con ou sen ter realizado o módulo de FCT) dun PCPI. 	<ul style="list-style-type: none"> Exención da parte científica-técnica
<ul style="list-style-type: none"> Segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI) desde o curso 2011-2012 	<ul style="list-style-type: none"> Superación dos módulos de carácter xeral. Superación dos módulos específicos profesionais. 	<ul style="list-style-type: none"> Acceso a ciclos formativos de grao medio (non teñen que realizar a proba)
<ul style="list-style-type: none"> Nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (ESA) 	<ul style="list-style-type: none"> Superación do ámbito de comunicación. Superación do ámbito social. (cómpre acreditar a superación dos dous ámbitos; non abonda a superación dun só)	<ul style="list-style-type: none"> Exención da parte sociolingüística
	<ul style="list-style-type: none"> Superación do ámbito científico-tecnolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> Exención da parte matemática Exención da parte científico-técnica

10.3 Cualificacións

Como se calcula a nota da proba de acceso?

A cualificación de cada parte da proba (sociolingüística, matemática e científico-técnica) será numérica, entre cero e dez puntos.

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de 4,00 puntos en cada parte (sociolingüística, matemática e científico-técnica) e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais. Será positiva a cualificación de 5,00 puntos ou superior. En caso contrario, a nota final cualificarase como "Non apto/a".

Para calcular a media da nota de cada parte non é preciso ter unha nota mínima nas materias que constitúen esa parte.

A que nota numérica equivale a certificación onde conste unha cualificación de "Apto/a"?

A normativa vixente establece que as persoas que posúan certificacións onde conste só "Apto/a", sen nota numérica, participarán no proceso de admisión a ciclos formativos cunha cualificación de 5,00.

No caso de gozar de exención nalgunha das partes da proba ou na totalidade, como se calcula a nota da proba de acceso?

Para os efectos de cálculo da nota final da proba de acceso non se terán en conta as partes da proba das que a persoa participante fose declarada exenta. Así mesmo, no caso de exención de todas as partes da proba, a cualificación final expresarase como "Exento/a". Para os efectos de admisión en ciclos formativos, a exención total da proba equivalerá a unha cualificación de 5,00 puntos.

Exemplos de cálculo de nota				
Nota da parte sociolingüística	Nota da parte matemática	Nota da parte científico-técnica	Nota media	Nota final
6,00	7,00	6,50	6,50	6,50
4,00	5,00	5,10	4,70	Non apto/a
4,50	7,00	5,00	5,50	5,50
7,00	3,00	8,00	--	Non apto/a
Exención	7,00	5,00	6,00	6,00
4,00	Exención	5,00	4,50	Non apto/a
Exención	Exención	Exención	5,00	5,00

10.4 Certificados

Pode perder validez a certificación de superación da proba de acceso?

Non; a superación da **totalidade** da proba ten validez indefinida.